

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE DECEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as 21 horas 10 minutos do dezasete de decembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catro de decembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Facturas Varias

Dáse conta das seguintes facturas

Quilometraxe e aparcamento do Sr. Alcalde don Odón C. Cobas García por varias xestións feitas na Coruña nos meses de novembro e decembro. Importe 134,70 euros.

Quilometraxe e asistencia do funcionario don Carlos J. Méndez-Losada Abalo, por asistencia á reunión sobre a nova lei de contratos no mes de decembro. Importe 78,55 euros.

Quilometraxe e dietas do funcionario don Carlos J. Sanmartín Carrera polas xornadas de traballo realizadas polas tardes nos meses de maio a decembro. Importe 575,27 euros.

Quilometraxe e asistencia da traballadora dona Sonia Gamás Villanueva por asistencia ao curso de deputación “Novo regulamento de subvencións” no mes de novembro. Importe 190,62 euros.

Quilometraxe e asistencia do traballador don Gerardo Cerdeira Souto por asistencia ao curso de deputación “Novo regulamento de subvencións” no mes de novembro. Importe 166,62 euros.

Quilometraxe do traballador don José Munín Castelao polas visitas de inspección realizadas no mes de novembro. Importe 68,46 euros.

Quilometraxe da traballadora dona Carmen A. Sabio Sanz dentro do programa de educación familiar nos meses de outubro e novembro. Importe 68,46 euros.

Quilometraxe e asistencia do traballador don José Ramón Chas Bao por asistencia ao curso de deputación “Biblioteca por e para o usuario” no mes de novembro. Importe 138,66 euros.

Gratificación da traballadora Sonia Carbia Cutrín e Lucía Sevio Barrio polos traballos realizados nos meses de outubro e novembro na ludoteca. Importe 240,30 euros.

Factura núm. 31/2007 de don José Fermín González Blanco por honorarios correspondentes á asistencia técnica do mes de novembro. Importe 2.436,00 euros.

Quilometraxe e asistencia da traballadora dona Cruz Vilas Giadanes ás sesións do grupo de traballo mixto para a selección do persoal do Obradoiro de Emprego Val do Ulla como vogal os días 13, 28 e 29 de novembro e os días 4, 5 e 11 de decembro. Importe 273,60 euros.

Quilometraxe e asistencia de don Ovidio Rodríguez Grandío ás sesións do grupo de traballo mixto para a selección do persoal do Obradoiro de Emprego Val do Ulla como presidente os días 13, 28 e 29 de novembro e os días 4, 5 e 11 de decembro. Importe 265,68 euros.

Quilometraxe e asistencia de dona Ana Isabel Martínez González ás sesións do grupo de traballo mixto para a selección do persoal do Obradoiro de Emprego Val do Ulla como secretaria os días 13, 28 e 29 de novembro e os días 4, 5 e 11 de decembro. Importe 265,68 euros.

Quilometraxe e asistencia de dona María Victoria Negrín Blanco ás sesións do grupo de traballo mixto para a selección do persoal do Obradoiro de Emprego Val do Ulla como vogal os días 13, 28 e 29 de novembro e os días 4, 5 e 11 de decembro. Importe 273,60 euros.

Recibo 0332179 de Hipercor, Sa por compra de ventiladores para o obradoiro no mes de decembro. Importe 76,90 euros.

Recibo 0332179 de Hipercor, Sa por compra de un programador para a casa do concello no mes de decembro. Importe 6,90 euros.

Recibo de Canalsatélite Digital, SL polo servizo de Canal+ na casa da terceira idade no mes de decembro. Importe 29,95 euros.

Recibo de Editorial Compostela pola suscripción ao Correo Gallego no mes de novembro. Importe 33,00 euros.

Recibo de La Voz de Galicia, SA pola suscripción ao xornal no mes de novembro. Importe 30,00 euros.

Pago de anuncio publicado no DOG por internet a través da tarxeta de crédito para o plan de sectorización parque empresarial no mes de novembro. Importe 562,68 euros.

Factura núm. ST-ST 78674 de Mercantil Española de Refrigeración, SL por arranxos na cafetera do centro da 3ª idade no mes de novembro. Importe 127,07 euros.

Recibo de Panadería M Carmen por compras realizadas para o pavillón no mes de agosto. Importe 2,00 euros.

Recibo 330137641 de Plásticos Santi, SL por compras de material para as clases de inglés no mes de setembro. Importe 15,90 euros.

Recibo de Correos y Telégrafos por compra de selos para a oficina de turismo no mes de decembro. Importe 6,00 euros.

Factura núm. 1472 de Taller de manualidades Lupe G Cabal polo curso de manualidades no mes de novembro. Importe 500,00 euros.

Recibos de Genaro Barreiro por vaciar as arquetas de Laraño no mes de novembro. Importe 180,00 euros.

Factura núm. 76707E de Electro Bermúdez por compra de cintas para a cámara no mes de novembro. Importe 10,50 euros.

Recibo 17103305 de Optica Val por compra de un cronómetro para a ludoteca no mes de novembro. Importe 10,90 euros.

Recibos varios por compra de consumibles e materiais de obra para a biblioteca nos meses de novembro e decembro. Importe 114,47 euros.

Recibo de Mapfre polo seguro do tractor John Deere C89650VE do 19-11-07 ata o 19-11-08. Importe 159,42 euros.

Factura núm. 2007268 de Electricidad Cruceiro, SL por mantemento do alumeadado público no mes de novembro. Importe 2.164,65 euros.

Factura núm. 0001124 de Puente Ulla, SL por gasóleso B para os tractores municipais no mes de outubro. Importe 1.483,00 euros.

Factura núm. C2701086 de Autos Lobelle, SL por compra dun tapón do depósito no mes de novembro. Importe 28,13 euros.

Factura núm. 024 de Patricia Deber Muiños, polos traballos de limpeza realizados en vías públicas, parques, xardíns e rutas de sendeirismo no mes de novembro. Importe 1.283,74 euros.

Factura núm. 026 de Antonio Gago Iglesias, polos traballos de limpeza realizados en vías públicas, parques, xardíns e rutas de sendeirismo no mes de novembro. Importe 1.283,74 euros.

Factura núm. D/18 de José María Freiría Suárez polos traballos de limpeza realizados nas dependencias municipais no mes de novembro. Importe 3.140,86 euros.

Factura núm. 6 de Gloria Mª Rico Galán e Outro, SC polo curso de expresión corporal impartido no mes de novembro. Importe 240,00 euros.

Recibo de Correos y Telégrafos polo reparto do boletín cultural no mes de decembro. Importe 150,00 euros.

Factura núm. VFAC20701505 de ROYDISA SA por compra de materias no mes de novembro. Importe 142,91 euros.

Factura núm. A00009255 de Campos & Costas, SL, MRW, por envíos urgentes realizados no mes de novembro. Importe 54,52 euros.

Recibos de Unión Fenosa, SA polo subministro eléctrico nos meses de setembro e outubro. Importe 4.863,05 euros.

Factura núm J102460727 de Jazz Telecom, SAU, Jazztel, polo servizo de ADSL e chamadas no mes de outubro. Importe 131,52 euros.

Factura núm. IR-2007-002347906 de Tele2 Telecommunication Services, SLU polo servizo de telefonía no mes de novembro. Importe 212,99 euros.

Factura núm. CI0241368006 de Vodafone España, SA polo servizo de telefonía móbil nos meses de outubro e novembro. Importe 1.078,32 euros.

Facturas de Unión Fenosa, SA polo subministro no pavillón, depuradora, CPI Vedra, Biblioteca, Gardería, Sede PC, Centro de Saúde de Santa Cruz e alumeados públicos no mes de xuño a novembro. Importe 4.835,95 euros.

Recibí de Juan Luis Buceta Potel pola actuación musical realizada na casa 3ª idade en decembro. Importe 300,00 euros.

Recibos por compras realizadas para a ludoteca no mes de decembro. Importe 28,25 euros.

Recibo 99200 de Centro Comercial Compostela por revelados feitos para a ludoteca no mes de decembro. Importe 14,85 euros.

Factura núm.2007/3856 de SOGAMA, SA polo tratamento de residuos sólidos urbanos do concello o mes de novembro. Importe 6.474,36 euros.

Factura núm. VD 07/11 de Ana Naya García, SL polo servizo de gardería na escola infantil do concello no mes de novembro e IPC pendente de aplicación. Importe 5.021,80 euros.

Factura núm. 01678933 de ADIF Dir. De patrimonio y urbanismo polo aluguer da estación de RENFE de Santa Cruz no mes de decembro. Importe 357,40 euros.

Recibos de Unión Fenosa polos alumeados públicos no mes de outubro. Importe 19.079,66 euros.

Recibo de Catalana Occidente polo seguro de RC do Centro de Saúde de Vedra do 23/12/07 ao 23/12/08. Importe 175,57 euros.

Factura núm. 040 de Miguel Camino, instalaciones y reparaciones de fontanería, calefacción y gas, polos traballos realizados no mes de novembro. Importe 2.177,32 euros.

Factura núm. C 3.793 de Comercial Veiras, SA, por reparación realizada ao tractor municipal no mes de novembro. Importe 1.099,15 euros.

Factura núm. 703.552 de COTELGA por compra de consumibles para a limpeza no mes de novembro. Importe 299,28 euros.

Factura núm. 6423145 de NRG GROUP SPAIN, SA, Gestetner, polas copias realizadas nas copiadoras da biblioteca de Santa Cruz de Ribadulla, biblioteca de Vedra, e oficinas nos meses de xuño a novembro. Importe 514,08 euros.

Factura núm A 949 de Germán Mallo, SL, neumáticos Germán, por compra de rodas, válvulas e equilibrados no mes de novembro. Importe 1.000,64 euros.

Factura núm. 4000025552 de Correos y Telégrafos, SA polo servizo de franqueo pagado no mes de novembro. Importe 538,53 euros.

Facturas núm. 133 e 131 de José Manuel Segade Martínez, por obras realizadas na escola de Santa Cruz, no concello e na casa da 3ª idade no mes de decembro. Importe 4.193,40 euros.

Facturas de Telefónica por telefonía nas dependencias municipais no mes de novembro. Importe 724,97 euros.

Factura J104084932 de Jazz Telecom, SAU, Jazztel, por ADSL e telefonía no mes de novembro. Importe 71,74 euros.

Factura núm. E-660 de Artes Gráficas SETECORES pola impresión dos carteis das 1ª xornadas con ciencia no mes de decembro. Importe 100,00 euros.

Factura núm. 349/07 de Obras y Viales de Galicia, SL, OVIGA, polas obras de Afirmado e bacheo de camiños en Ponte Ulla e Agrelo. Importe 8.205,33 euros.

Facturas núm. 351,352, 353 e 354 de Viajes Peillet, SL polos viaxes realizados ao centro médico, ludoteca, educación de adultos e excursión a Portugal (con achega dos participantes) no mes de novembro. Importe 2.854,76 euros.

Factura núm. 193 de Manuel Abrales Fernández, Canteiras Grandeiro, por compra de material no mes de novembro para a obra de Ponte Ulla. Importe 1.044,00 euros.

Factura núm. 43 de Maderas Mera, SC pola corta e retirada dos árbores da Igrexa de San Fins no mes de novembro. Importe 348,00 euros.

Factura núm. 18651 de Restaurante Villa Verde por unha comida institucional no mes de novembro. Importe 179,01 euros.

Facturas núm. 1117, 1118, 1119, 1120, 1121, 1122 e 1123 de Puente Ulla, SL por gasóleo e consumibles para os vehículos municipais no mes de outubro. Importe 3.299,47 euros.

Facturas núm. 0869/E07, 0915/E07, 0916/E07, 0917/E07, 0918/E07 e 0919/E07 de Talleres San Fins, SL por varias reparacións nos vehículos municipais no mes de novembro. Importe 1.826,68 euros.

Factura núm. 135 de Jaime Gómez Souto y Otro, SC, aluminios Vedra, por materiais para a obra de Socorro Alvela Pais no mes de novembro. Importe 387,28 euros.

Facturas núm. 271.379, 271.387 e 271.384 de Artes Gráficas Litonor por impresión dos carteis da semana da ciencia, metus extremus e boletín de novembro. Importe 679,16 euros.

Facturas núm. K07/4307, K07/4306, K07/4308, K07/4255, K07/4254, K07/4211, K07/4212, K07/4256, K07/4257, K07/4258, L07/4464, L07/4462, L07/4466, L07/4461 e L07/4463 de Comercial Extintores de Galicia, SI por recarga e revisión do extintores das dependencias municipais no mes de novembro. Importe 867,10 euros.

Factura núm. 7897 de XEDICOM SLU, XEROX, por compra de papel para as oficinas no mes de novembro. Importe 794,08 euros.

Factura núm. 9 de Tecnicork, Soluciones Climáticas Galicia, SL, por obras realizadas no mes de novembro. Importe 788,80 euros.

Factura núm. 14343 de M.F.Barco por compra de mobles para a casa reitoral de Ponte Ulla no mes de outubro. Importe 2.489,40 euros.

Factura núm. 10 de Antonio Cao Andújar pola comida para os voluntarios da campaña de incendios no mes de novembro. Importe 850 euros.

Factura núm. 9/07 da Fundación Refuxio de Animais pola cota correspondente ao segundo cuatrimestre 2007. Importe 2.558,60 euros.

Factura núm. A/27 de Valdivinu,. SC, por compra de agasallos para atención protocolaria no mes de novembro. Importe 73,45 euros.

Factura núm. 711/35 de Alquimao, SL por compra de materiais para as obras municipais no mes de novembro. Importe 76,62 euros.

Factura núm.A 1207 de Limpiezas Salgado por compra de materiais para a limpeza no mes de novembro. Importe 110,80 euros.

Factura núm. 16129-1 de Aula 25, Abraxas, por compra de materiais para a ludoteca no mes de novembro.Importe 41,89 euros.

Facturas núm. 468/07 e 467/07 de Empresa Seoane, SL polo bono bus de escolares e 3ª idade no mes de novembro. Importe 767,36 euros.

Factura núm. N-00005939 de Gestión Integral de Residuos GAMA por retirada monomaterial Iglu. Importe 243,64 euros.

Factura núm. 50/2007 de Fernando García Silva por compra dunha placa de vinilo para o punto limpo. Importe 113, 68 euros.

Factura núm. 07 624 de Maderas Lata por compra de material para as obras realizadas pola brigada no mes de novembro.Importe 34,80 euros.

Factura núm. 711/23 de Pazos y Vieiro, SL, Servicio a la construcción FPV, por roupa de traballo para a brigada de obras.Importe 529,70 euros.

Factura núm. A/367 de Manuel Botana Granja, Ferretería Botana, por varias compras feitas en novembro. Importe 474,25 euros.

Factura núm.701278 de SAPA Contenedores y Servicios, SL por aluguer de contenedores no mes de novembro. Importe 225,02 euros.

Facturas núm. 7/693, 7/692, 7/691, 7/690 e 7/689 de MAPOCA, SL por material comprado para obras na casa da 3ª idade, PC, Ponte Ulla, Biblioteca e Sendeirismo no mes de novembro. Importe 858,13 euros.

Factura núm. 147 de Jaime Gómez Souto y Otro, SC por materiais para obras realizadas no mes de novembro. Importe 224,98 euros.


Facturas núm. 4583, 4584, 4585, 4586, 4591 e 4592 de Talleres Mosteiro por varias reparacións realizadas nos vehículos municipais no mes de novembro. Importe 1.062,05 euros.

Factura núm. 000474 de Droguería-Ferretería El Sol, SL, por compra de varios materiais no mes de outubro. Importe 556,07 euros.

Factura núm. K/55 de Castromil, SA por bono bus no mes de novembro. Importe 130,20 euros.

Factura núm. A/1 de Casal Devesa, María Isabel, Cafe Bar "A Vosa Casa" polos pinchos servidos con motivo da Semana da Ciencia en novembro. Importe 314,00 euros.

Factura núm. A/3 de Casal Devesa, María Isabel, Cafe Bar "A Vosa Casa" polos pinchos servidos con motivo da inauguración do punto limpo en decembro. Importe 345,00 euros.



Facturas núm. 00272, 00273, 00274 e 00275 de Manuel Gamallo y Otro, SC por varias compras para as obras en vías municipais no mes de novembro. Importe 3.268,41 euros.

Factura núm. 309/07 de Talleres y Repuestos Barco, SL por arraxos en motoserra no mes de novembro. Importe 21,46 euros.

Factura núm. 0876/E07 de Talleres San Fins, SL por franquicia para reparar cristal no John Deere no mes de novembro. Importe 150,00 euros.

Factura núm. 01/2070710 de Publicidad en Artículos de Regalo, SA por calendarios e axendas para 2008. Importe 4.930,00 euros.

Factura núm 27 6511 de Ulla Oil, SL por gasóleo para a gardería municipal no mes de novembro. Importe 563,88 euros.

A Xunta de Goberno acorda aproba-las citadas facturas.

3º.- Instancias de obras de particulares

3.1.- Instancia num. 2.143/07 de dona Manuel Lòpez Mouro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de ventás e pintado de fachada, de aproximadamente 108 m², situada en Xián en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor das fachadas será branco ou tons suaves acordes co medio rural.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corente e sete euros con setenta e cinco céntimos (#47,75#).

3.2.- Instancia num. 1.996/07 de dona M^a Luisa Golmar Serto e José Luis García Cernadas

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Fins, solicitan licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Texo, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; núm. plantas S+B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Arturo Rodríguez Vilanova cun orzamento de 116.671,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil trescentos trinta e tres euros con corenta e dous céntimos (#2.333,42#) euros

3.3.- Instancia num. 1.359/07 de dona Carmen Carpinteiro Orosa

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicitan licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Corbeixe, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; núm. plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Arturo Rodríguez Vilanova cun orzamento de 141.328,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; a altura máxima do cumio será de 8,50 m respecto de calquera punto do terreo en contacto coa edificación, debendo quedar os faldróns inscritos no sólido capaz definido polos planos de pendente máxima de 30° trazados dende a cara superior do último forxado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo

liquidación provisional, á cantidade de dous mil oitocentos vinte e seis euros con cincuenta e seis céntimos (#2826,56#) euros.

3.4.- Instancia num. 2.229/07 de don Javier Vilas Giadanes

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Baia de Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 35 mts de lonxitude, no lugar de Pousada de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantírase o natural discorrer das augas; respectarase os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado, e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e un euros con setenta e sete céntimos (#21,77#).

3.5.- Instancia núm. 1720/07 de don Luis Martínez Silveira e dona Sonia Rodríguez Tato.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados con domicilio no número 9 do lugar de Balteiro (San Mamede), expón que con data 10 de maio de 2005 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Trasariz de Abaixo (Vedra), (licenza número 84/05), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, que deberá ser ingresada na Tesourería municipal, requisito sen o cal a licenza non surtirá efecto algún.

3.6. Instancia núm. 2053/07 de don Manuel Castro Abelleiro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio no número 8 do lugar de Agrelo (Santa Cruz), expón que con data 2 de xuño de 2005 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de dúas vivendas en Castro (Ponte Ulla), (licenza número 112/05), e que rematadas as obras e

achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de cento vinte euros (#120,00#) euros, que deberá ser ingresada na Tesourería municipal, requisito sen o cal a licenza non surtirá efecto algún.

3.7 Instancia número 2064/07 de don Manuel Camino Lea.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Caldelas (Ponte Ulla) solicita licenza para parcelación da finca 298 do plano do acordo da concentración parcelaria de Ponte Ulla, situada no mencionado lugar de Caldelas, en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural (ordenanza N1), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por don Ramón Vieites Castiñeiras en calidade de Arquitecto e con data de visado 09/11/2007.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concede-la licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Caldelas da parroquia de Ponte Ulla, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de 120,00 euros.

4º.- Acordo, se procede, sobre traslado de expediente de solicitud de licencia para instalación de CAFE-BAR en Pousada de Abaixo ao Servizo de Calidade Ambiental.

4.1.-Instancia núm. 537/07 de Isaura Martínez Mejuto.

Examinado o expediente promovido por dona Isaura Martínez Mejuto, en virtude de instancia núm. 537/07 de data 26 de marzo de 2007, solicitando licenza municipal para a instalación de CAFÉ-BAR no lugar de Pousada de Abaixo da parroquia de Vedra, deste termo, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Real Decreto 2414/1961 de 30 de novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 3 de abril de 2007.

RESULTANDO: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e incorporando os informes dos Técnicos congruentes coa natureza da actividade.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e a súa adecuación ó medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto, non está en contradicción co disposto en acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respéctanse as distancias previas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

CONSIDERANDO: Que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.

Vistos o Decreto 2414/1961 de 30 de novembro e demais Disposicións concordantes de aplicación,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza municipal instada por dona Isaura Martínez Mejuto para instalación de CAFÉ-BAR no lugar de Pousada de Abaixo da parroquia de Vedra, deste termo, porque no expediente observáronse cantas prescricións establece o citado Regulamento e Disposicións complementarias.

2º.- Dar traslado do expediente completo ó Servicio de Calidade Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, ós efectos previstos no art. 33 do referido Regulamento.

5º.- **Aprobación, se procede, da inclusión de actuación dentro do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL) no ano 2008.**

Dáse conta da notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, para sinatura dun convenio para realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestrutura rural consistente en camiño en Neira de Abaixo (Ribadulla), camiño de monte Carnota (Ribadulla) e camiño en Casansula (Sarandón) e outros.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.-solicitar a inclusión das actuacións indicadas dentro dos investimentos da Consellería do Medio Rural no ano 2008.

2º.-poñer a disposición da Consellería do Medio Rural, libre de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante as obras.

3º.- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.

4º.-Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.

5º.- Facultar ao Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente convenio de cooperación.

6º.- Dar conta do dito acordo ao Pleno.

6º.- Outros Asuntos

Non se presentaron

Conclúe ó fio das 22:45 horas

